



## **ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA OITO DE ABRIL DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO**

### **SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D<sup>a</sup>. MARGARITA DEVESA CARDELLE  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e cinco minutos do día oito de abril de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

### **ORDE DO DÍA**

#### **1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de marzo do ano que andamos, que logo de facer a corrección que de seguido se relaciona , apróbase por unanimidade dos asistentes:

“No punto 2.4.-Instancia núm. 201400000000267 da Comunidade de Propietarios Fonda de Xián –Trobe, onde di “don Nemesio García Montoto en representación da Comunidade de Propietarios Fonda de Xián (Trobe)...”, debe dicir “...don David Estévez Espiño en representación da Comunidade de Propietarios Fonda de Xián (Trobe)...”

#### **2º.- Instancias de obras de particulares.**

2.1.- Instancia núm. 201300000001324 de Rocas, Arcillas y Minerales, S.A (RAMSA).

Dáse conta da citada instancia na que don Roberto Almuiña en representación de Rocas, Arcillas y Minerales, S.A (RAMSA), con domicilio social en Outeiro - Mina Serrabal (San Pedro de Vilanova), solicita licenza para obras de ampliación de edificio de oficinas en mina Serrabal en San Pedro de Vilanova, (expediente núm.: 2013/U008/000016), en solo cualificado como “Solo rústico de protección ordinaria”, segundo o vixente PXOM, cunha superficie construída de 335,04 m<sup>2</sup> segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Pablo de la Rubia Almuiña e cun orzamento de 209.202,10 euros.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 15090A507050060000AM.

Tendo en conta que a licenza solicitada é para ampliación dunha edificación existente e destinada a oficina dentro das instalacións da Mina Serrabal e que a



ampliación conta coa autorización da Xunta de Galicia; a Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Construirase de acordo co proxecto presentado.

A obra deberá axustarse ás condicións da autorización autonómica en canto a cores e acabados acordes coa paisaxe rural e coas construcións do contorno e a cuberta realizarase de chapa lacada en verde en consonancia co resto de edificacións e maquinaria da propia explotación e terase en conta a resolución da autorización da Comunidade Autónoma.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

3º.- Previo ao inicio das obras presentarase oficio de dirección de Arquitecto-Técnico ou Aparellador.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de catro mil cento oitenta e catro euros con catro céntimos (#4.184,04#)

2.2.- Instancia núm. 201300000001644 de dona Mónica Diz Iglesias e don Tomás Mougán Carollo.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Ames, solicitan licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Agrelo –Santa Cruz de Ribadulla (expediente núm.: 2013/U008/000022), en solo cualificado solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal, cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta; número de plantas S+B+1. Altura máxima de cornixa menor a 7,00 m, e un coeficiente inferior a 0,30 m<sup>2</sup> de superficie edificable baixo teito por cada m<sup>2</sup> de parcela neta, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. Francisco Galiñanes Chaves cun orzamento de 101.350,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Concederlle a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

Construirase de acordo co proxecto presentado. En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor a utilizar na fachada harmonizará co entorno de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

De acordo co artigo 29 da Lei 9/2002 deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento.

Ademais, a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais. Deberán aportar a seguinte documentación: Proxecto de execución e oficio de dirección de execución material.

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos (120,00 m<sup>2</sup>).

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil vinte e sete euros (#2.027,00#).

2.3.- Instancia núm. 201400000000301 de don Nemesio García Montoto.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, en representación de Ponte Moas, S.L, con domicilio en Lalín, solicita licenza para obras de canalización para conexión con saneamento cruzando un vial municipal (Expte. núm.: 2014/U009/000014), en Matelo.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001103200NH44A0001KE.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2.- Para a execución da acometida construírase unha arqueta de rexistro pegada á liña de peche e situada na vía pública. O conduto irá transversal á rúa dende a arqueta ata o sumidoiro ou preferiblemente ao pozo de rexistro.

3. Tanto a arqueta como o conduto terán sección suficiente para permiti-lo seu correcto funcionamento.

4. A acometida deberá conducir separadamente as augas pluviais e as residuais.

5. O efluente deberá reunir as condicións físico-químicas que se especifican no Regulamento de vertidos municipal.

6. A arqueta deberá ser dun deseño e forma que permita a toma de mostras do efluente.

7. Deberase proceder á reposición do pavimento deixándoo nas mesmas condicións nas que se atopaba.

8.-Rematadas as obras deberanse poñer en contacto coa empresa adxudicataria do servizo, Viaqua, S.A.U para a súa comprobación.

9.- Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 77 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Instancia núm. 201400000000287 de José Carlos Barreiro García.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistentes en revestimento de fachadas con cachotaría, nos termos da memoria que se achega (Expte. núm.: 2014/U009/000013), situada en Retorta nº 1, en solo cualificado como Solo Rústico de



Especial Protección de Interese Paisaxística segundo o Plan Xeral de Ordenación Municipal (ordenanza R-7).

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 000900600NH43F0001II..

A Xunta de Goberno, á vista do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda denegar a licenza solicitada, dado que a vivenda atópase na situación de fóra de ordenación total definido no artigo 103 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; e no apartado 2 do citado artigo establécese que só se poderán autorizar obras de mera conservación e necesarias para o mantemento do uso preexistente, e as obras solicitadas non se consideran obras de mera conservación, xa que implicarían un incremento do valor da edificación.

#### 2.5.- Ratificación providencia da Alcaldía de data 31/03/2014

Dáse conta da Providencia da Alcaldía de data trinta e un de marzo de dous mil catorce que di o seguinte:

“Instancia núm. 201400000000352 de SOLAGRA, S.L.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, representada por Jaime Bermúdez de la Puente, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para obras de melloras en bodega Solagra, S.A., consistentes en reforma da bodega existente, melloras en camiños interiores e construción de almacén, nos termos do proxecto presentado e asinado por Roberto Giménez Hortas en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola e segundo o cal emprázanse no lugar de Laraño (San Xián de Sales), en solo cualificado polo vixente PXOM como Rústico de Especial Protección Agropecuaria (R2), cunha superficie ocupada pola nova construción de 138,40 m<sup>2</sup> e unha ocupación total da parcela do 2,46 %. O orzamento ascende á cantidade de 87.208,34 euros.

Á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais en relación co asunto e tendo en conta que a bodega SOLAGRA S.A., conta con licenza municipal de actividade de data o 28/06/2001.

Que a licenza solicitada é para realizar melloras nas edificacións existentes, mellorar os viais que dan servizo á actividade e para a construción de unha nova edificación vinculada á explotación e con destino a almacén.

Que segundo o artigo 37 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia entre os usos permitidos por licenza municipal directa para o solo rústico de especial protección agropecuaria atopase o relacionado no apartado 2 a) do artigo 33 “construcións e instalacións agrícolas en xeral.”

### RESOLVO

Conceder a SOLAGRA, S.A. a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e redactado por Roberto Giménez Hortas en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola.

As obras axustaranse ás seguintes condicións:

- Construirase de acordo co proxecto presentado.
- En cumprimento do artigo 104 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a pedra da na fachada será tradicional da zona.
- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil setecentos corenta e catro euros con dezasete céntimos (#1.744,17#)”

A Xunta de Goberno acorda ratificar a citada providencia

### **3º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares para a adquisición dunha furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal.**

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares para a adquisición dunha furgoneta con caixa aberta, cabina sinxela e grúa hidráulica para a brigada de obras municipal, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado prego.

### **4º.- Facturas varias**

Dáse conta das seguintes facturas

| Número Factura   | Data Factura | Importe € | Nome<br>Provedor/Acreedor                 | Descrición                                                                                                             |
|------------------|--------------|-----------|-------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 2 RECIBOS        | 28/03/2014   | 105,00    | Acredores diversos                        | Taxas do IES San Clemente e do IES Rosalía de Castro por sobres de matrícula para a proba libre de ESO maiores 18 anos |
| 15/14            | 30/01/2014   | 270,93    | Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio | Reparación de remolque no mes de xaneiro                                                                               |
| 14/14            | 30/01/2014   | 113,40    | Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio | Reparación e ITV do vehículo C15 matrícula C4407BM en xaneiro                                                          |
| 13/14            | 30/01/2014   | 107,35    | Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio | Reparación e ITV vehículo brigada de obras C6247BF en xaneiro                                                          |
| 16/14            | 30/01/2014   | 107,79    | Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio | Reparación e ITV do vehículo de Protección Civil 2445BLH en xaneiro                                                    |
| 23/14            | 10/03/2014   | 148,59    | Talleres Mosteiro-Mosteiro Torres Antonio | Reparación e ITV do vehículo da brigada verde C6142BS                                                                  |
| FE14321140689571 | 04/02/2014   | 315,77    | Gas Natural Servicios SDG S.A.            | Subministro á gardería municipal mes xaneiro (IP 03B200341_0132)                                                       |
| FE14321140649124 | 03/02/2014   | 1.249,69  | Gas Natural Servicios SDG S.A.            | Subministro ao CPI de Vedra mes xaneiro (IP 03B000341_0132)                                                            |
| FE14321140649123 | 03/02/2014   | 476,43    | Gas Natural Servicios SDG S.A.            | Subministro á casa consistorial mes xaneiro (IP 03AF00341_0132)                                                        |
| FE14321140689572 | 04/02/2014   | 1.458,36  | Gas Natural Servicios SDG S.A.            | Subministro á depuradora de Calzande mes xaneiro (IP 053B00342_132)                                                    |
| FE14321140689573 | 04/02/2014   | 55,68     | Gas Natural Servicios SDG S.A.            | Subministro ao bombeo de Paradela mes xaneiro (IP 0ACE00343_0132)                                                      |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



|                    |            |          |                                |                                                                                                                                    |
|--------------------|------------|----------|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| FE14321140649125   | 03/02/2014 | 537,99   | Gas Natural Servicios SDG S.A. | Subministro ao bombeo de Sol meses dec/2013 e xan/2014 (IP 0ACE00343_0132)                                                         |
| 5 FRAS.            | 03/02/2014 | 2.152,75 | Gas Natural Servicios SDG S.A. | 5 fras. de febreiro por subministro a 5 alumeados públicos (Dozar, Fufín, Sol, Pte. Ulla) mes xaneiro IP 0AE200343_0132            |
| 1140111693582      | 02/02/2014 | 16,60    | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.   | Subministro ao bombeo de Socastro mes xaneiro (CP 888)                                                                             |
| 1140211226895      | 28/02/2014 | 17,80    | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.   | Subministro ao edificio escola de Illobre meses xaneiro e febreiro (CP424)                                                         |
| 1140211266129      | 28/02/2014 | 9,43     | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.   | Subministro á escola de San Xián meses xaneiro e febreiro (CP424)                                                                  |
| 1140111580189      | 01/02/2014 | 239,33   | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.   | Subministro ao centro de saúde de Vedra mes xaneiro (CP22)                                                                         |
| 1140111625763      | 01/02/2014 | 48,74    | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.   | Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz mes xaneiro (CP22)                                                                    |
| 02/2014            | 01/02/2014 | 9.729,76 | Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.   | 54 fras. de febreiro por subministro a alumeados públicos (CP2490)                                                                 |
| 14/3               | 31/03/2014 | 4.127,04 | Freiría Suárez José María      | Servizos de limpeza mes marzo                                                                                                      |
| 7/2014             | 31/03/2014 | 2.539,60 | Fermín González Blanco, S.L.   | Informes e xestións urbanísticas municipais mes marzo                                                                              |
| VD 03/2014         | 31/03/2014 | 6.172,30 | Ana Naya García, S.L.          | Servizo de gardería na escola infantil municipal mes marzo                                                                         |
| 323                | 21/03/2014 | 93,56    | Vidrieras Compostela, SL       | Materiais para reparación de marquesiña en Ponte Ulla en marzo                                                                     |
| 3 Fras.            | 31/03/2014 | 80,24    | Acredores diversos             | Produtos para a actividade dirixida á xuventude denominada Posta a Punto                                                           |
| 82264726/CL1401009 | 28/03/2014 | 787,50   | Acredores diversos             | Gastos comida e entradas excursión 3ª Idade ao parque arqueolóxico de Campo Lameiro o día 28/03/2014 con achegas dos participantes |
| 4                  | 30/03/2014 | 1.314,87 | Suárez Barreiro Pilar          | Atención e mantemento do albergue de peregrinos mes marzo                                                                          |
| GC000006           | 31/03/2014 | 550,00   | Maeve McLoughlin               | Impartir curso de inglés no CEIP de Santa Cruz mes marzo                                                                           |
| 15                 | 01/04/2014 | 6.241,48 | Grupo Acofide, S.C.            | Servizo de xestión do polideportivo municipal mes marzo                                                                            |
| 2014/021           | 28/03/2014 | 1.813,79 | Xestedec Comunicación          | Subministro e instalación canón-proxector e soporte para salón de actos do centro sociocultural de Vedra (casa 3ª Idade)           |
| A – 567            | 31/03/2014 | 605,00   | Autocares Mougán S.L.          | Servizo de autocar de Vedra a San Isidro para a actividade Viaxe a Neve 2014 (14, 15 e 16/02/2014) con achegas dos participantes   |
| 32101271           | 24/03/2014 | 150,55   | Automoviles Louzao, S.A.U.     | Mantemento do camión de recollida do lixo 9047HPG realizado en marzo                                                               |
| 0181/E14           | 31/03/2014 | 17,55    | Talleres San Fins S.L.         | Reparación tractor J. Deere E7264BFN en marzo                                                                                      |





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



|                  |            |          |                                             |                                                                                                  |
|------------------|------------|----------|---------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 0180/E14         | 31/03/2014 | 440,72   | Talleres San Fins S.L.                      | Reparación retroescavadora Fiat no mes de marzo                                                  |
| 0179/E14         | 31/03/2014 | 886,01   | Talleres San Fins S.L.                      | Revisión e ITV do tractor J. Deere E6787BBT e reparación da rozadora avanzada en marzo           |
| A/316            | 31/03/2014 | 572,89   | Madesa S.L.                                 | Materiais para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón subministrados en marzo                    |
| 19410            | 25/03/2014 | 247,50   | Procesadora Gallega de Alimentos, S.L.      | Servizo de recollida urbana de aceites de cociña usados período 24/12/2013 a 24/03/2014          |
| A/13.670         | 31/03/2014 | 217,22   | Marbe Hispania, S.L. - Hormigones           | Formigón para pista municipal en Marzán de Abaixo-Vedra subministrado en marzo                   |
| 300466           | 31/03/2014 | 292,14   | Hierros Diego, S.L.                         | Tubos para obra en campo de fútbol de Santa Cruz subministrados en marzo                         |
| 404/3            | 01/04/2014 | 297,66   | Alquimao S.L.                               | Servizos prestados para o Entroido Municipal 2014 (sinalización) e para arranxo de pistas (rolo) |
| 2014139          | 01/04/2014 | 2.052,97 | Electricidad Cruceiro, SL                   | Mantemento do alumado público mes marzo                                                          |
| FV-14/1          | 31/03/2014 | 420,00   | García Cabal Guadalupe J.                   | Achega trimestral do concello para curso de manualidades                                         |
| 1404C0092071     | 01/04/2014 | 154,31   | Securitas Direct S.A.                       | Mantemento alarma oficina de turismo período 2T/2014                                             |
| 1404C0102162     | 01/04/2014 | 168,76   | Securitas Direct S.A.                       | Mantemento alarma casa da 3ª Idade período 2T/2014                                               |
| 1404C0085309     | 01/04/2014 | 171,95   | Securitas Direct S.A.                       | Mantemento alarma da biblioteca período 2T/2014                                                  |
| 1404C0100660     | 01/04/2014 | 237,95   | Securitas Direct S.A.                       | Mantemento alarma casa consistorial período 2T/2014                                              |
| FRA. 04/2014     | 01/04/2014 | 26,56    | DTS, SA (Digital +)                         | Servizo de TV dixital e Canal+ na casa da 3ª Idade mes abril                                     |
| 14-346           | 31/03/2014 | 173,00   | Puente Ulla S.L.                            | Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en marzo                                    |
| 14-357           | 31/03/2014 | 89,60    | Puente Ulla S.L.                            | Gasolina 95 para a brigada verde subministrada en marzo                                          |
| 14-356           | 31/03/2014 | 1.502,78 | Puente Ulla S.L.                            | Repostos e gasóleo para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en marzo            |
| 14-355           | 31/03/2014 | 265,42   | Puente Ulla S.L.                            | Repostos e gasóleo para o camión de recollida do lixo 4663CSP subministrados en marzo            |
| 1CSN140300229647 | 13/03/2014 | 437,23   | Cide Hcenergia, S.A.                        | Subministro a iluminación pública de Caldelas meses xaneiro e febreiro                           |
| 19               | 03/04/2014 | 14,01    | Librería Avenida-Rosa Mª Pérez Sande        | Material didáctico e de oficina para o Obradoiro de Emprego Vedra-Boqueixón en abril             |
| 267              | 27/03/2014 | 128,74   | Iglesias Rodríguez Juan Carlos - Fontanería | Traballos realizados no campo de fútbol e na casa de cultura de Santa Cruz en febreiro           |
| 032/14           | 31/03/2014 | 310,67   | Cruz Roja Española                          | Cobertura preventiva da Ruta Cicloturística BTT do día 04/03/2014                                |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



|            |            |           |                                                     |                                                                                                                   |
|------------|------------|-----------|-----------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 1-14       | 31/01/2014 | 675,08    | Fundación Refuxio de Animais                        | Cota fixa correspondente ao mes de xaneiro e acollemento de 2 cans durante o mes                                  |
| 2-14       | 28/02/2014 | 607,08    | Fundación Refuxio de Animais                        | Cota fixa correspondente ao mes de febreiro (sen cans acollidos neste mes)                                        |
| 277-6/14 F | 27/03/2014 | 10.016,50 | Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U. | Subvención do 1T/2014 por prórroga do contrato de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento      |
| 14A/00091  | 31/03/2014 | 2.527,70  | Sociser Galicia, S.L.                               | Prestación do servizo asistencial a domicilio mes marzo                                                           |
| 14A/00092  | 31/03/2014 | 3.847,87  | Sociser Galicia, S.L.                               | Horas SAF dependencia mes marzo                                                                                   |
| A/2098     | 04/03/2014 | 163,83    | Aguardientes de Galicia, S.A.                       | Produtos para atencións protocolarias de actos de promoción turística                                             |
| 14/14      | 07/04/2014 | 2.420,00  | Redrum Producciones, S.L.                           | Representación do espectáculo Moito Conto o día 05/042014 dentro da rede cultural 2014 da Deputación              |
| 5          | 12/03/2014 | 211,68    | Suffruticosa, S.C. (vivero de boj)                  | Subministro de árbores para reposición nas beirarrúas de Vedra e para a casa da 3ª Idade                          |
| A 5        | 07/04/2014 | 954,76    | Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terron                   | Produtos de limpeza e aseo para centro de saúde, escolas, CPI Vedra e casa consistorial subministrados no 1T/2014 |
| 4100       | 07/04/2014 | 36,77     | Vego Supermercados, SAU                             | Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en abril                                                       |
|            | 04/03/2014 | 600,00    | Asociación Ruta do Viño Rías Baixas                 | Cota participación 2014                                                                                           |
|            |            | 175,75    | Piñeiro Caldelas Mª Jesús                           | Quilometraxe por xestións oficiais realizadas en xaneiro, febreiro e marzo                                        |
|            |            | 220,00    | Munín Castelao José Ignacio                         | Quilometraxe dos meses de xaneiro, febreiro e marzo                                                               |
|            |            | 149,75    | Rendo Rial Pastora                                  | Quilometraxe por prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo                                                |
|            |            | 93,00     | Graña Campelo Pilar                                 | Quilometraxe por prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo                                                |
|            |            | 99,00     | Orosa Carpinteiro Cristina                          | Quilometraxe por prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo                                                |
|            |            | 123,50    | Iglesias Parada Carbia                              | Quilometraxe por prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo                                                |
|            |            | 88,25     | Vilariño Rodríguez Mª Cristina                      | Quilometraxe por prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo                                                |

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.





**5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.**

Dáse conta das seguintes resolucións da Alcaldía do mes de marzo:

| Nº Decreto | Data       | Asunto                                                                                                                             |
|------------|------------|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| 64         | 03/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de José Codeso                                                                                 |
| 65         | 03/03/2014 | Modificación SAF de Encarnación Sebío Gómez                                                                                        |
| 66         | 06/03/2014 | Orde de execución de obras pendentes para consolidación edificación en Reboredo (Ponte Ulla)                                       |
| 67         | 06/03/2014 | Declaración de caducidade de licenza 204/2002 concedida a Acibo XXI S.L para construción de vivendas no SAU-1 en San Xián de Sales |
| 68         | 06/03/2014 | Dándolle prazo para legalizar obras en vivenda emprazada en A Torre propiedade de Jesús López Andrade                              |
| 69         | 06/03/2014 | Cambio domicilio de Francisco Taibo Mera                                                                                           |
| 70         | 06/03/2014 | Autorizando corte de vías municipais de acceso ao campo da fesa de San Miguel o 13/04/2014 para a celebración da Festa do Viño     |
| 71         | 07/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Rubén Guimarey Fernández                                                                    |
| 72         | 10/03/2014 | Solicitud concertación póliza de crédito co BBVA                                                                                   |
| 73         | 10/03/2014 | Altas no Padrón Fiscal de taxa por recollida de lixo 2014                                                                          |
| 74         | 10/03/2014 | Ordenando a formación da Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2013                                                                |
| 75         | 11/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Alvaro Iglesias Barros                                                                      |
| 76         | 11/03/2014 | Autorización celebración festa da Augardente en San Mamede de Ribadulla                                                            |
| 77         | 11/03/2014 | Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros exercicio 2014                                                               |
| 78         | 11/03/2014 | Modificación SAF de Jesusa Gómez Martínez                                                                                          |
| 79         | 14/0/2014  | Alta padrón municipal de habitantes de Ana Mª. García Cutrín e fillo                                                               |
| 80         | 17/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Ana María Abel Souto                                                                        |
| 81         | 17/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Juan Carlos Pintos Pardo                                                                    |
| 82         | 18/03/2014 | Arquivo expediente a Solagra, S.A ao conceder licenza para obras                                                                   |
| 83         | 19/03/2014 | Concesión praza gardería ao menor Lucas Portela Izquierdo                                                                          |
| 84         | 19/03/2014 | Concesión praza gardería ao menor Siro Álvarez López                                                                               |
| 85         | 19/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Manuela G. Neira Budiño                                                                     |
| 86         | 19/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Elda Maceira e Manuel A. Martínez                                                           |
| 87         | 20/03/2014 | Delegación celebración matrimonio en José Alvela Edreira                                                                           |
| 88         | 21/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Frances M. Trigo Perpiñan                                                                   |



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



|    |            |                                                                                    |
|----|------------|------------------------------------------------------------------------------------|
| 89 | 21/03/2014 | Requirimento para corte de árbores en San Miguel                                   |
| 90 | 24/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de José Tallón e Albina Pérez                  |
| 91 | 26/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de familia Sende Rey                           |
| 92 | 27/03/2014 | Cumprimento trienios de persoal municipal                                          |
| 93 | 27/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Martín Cao Fontela                          |
| 94 | 28/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de Pedro Quinteiro Balboa                      |
| 95 | 31/03/2014 | Alta padrón municipal de habitantes de María Ferrín Guerra e fillo                 |
| 96 | 31/03/2014 | Baixa gardería de Siro Álvarez López                                               |
| 97 | 31/03/2014 | Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de Lorena Carneiro Nogueiras |

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 6º.- Outros asuntos

6.1.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 379/14 no que dona Sonia Villaverde Cutrín, expón que a súa filla menor Mara Fernández Villaverde ten unha porcentaxe de minusvalía do 65% segundo certificado emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida a tarxeta de aparcamento, segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6.2.- Escrito núm. 296/14 do CEIP Ortigueira.

Dáse conta do citado escrito no que don Jaime Furelos Vázquez, en calidade de director do CEIP de Ortigueira, expón que o vindeiro 29 de maio realizarán a excursión de fin de curso á Casa do Patrón en Codeseda (Lalín), e solicita, como vén sendo habitual, que o concello poña á disposición dos alumnos/as dous autobuses (80 prazas).

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

6.3.- Aprobación padrón fiscal taxa por abastecemento de auga no 1º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa de abastecemento de auga do 1º trimestre de 2014, remitido pola empresa concesionaria do servizo, Viaqua, Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U, cuxo resumo é o seguinte:

Contribuíntes: 98.

M<sup>3</sup> facturados: 1579.

Importe total: 2.168,61 euros.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Canon da auga: 2.013,08 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas.